


## Talasonimia da costa de Cangas (II)



A toponimia desde Punta Corveiro a Cabo Home. ARQUIVO DO AUTOR

Xerardo Dasairas\*

19-12-21 | Faro de Vigo-Morrazo

<https://www.farodevigo.es/o-morrazo/2021/12/19/talasonimia-da-costa-cangas-ii-60813851.html>

Se a toponimia terrestre está bastante estudada, a do mar a penas conta con algúns referentes, en parte, grazas a que algúns mariñeiros anotaron en libretas os puntos perigosos e sobre todo a ubicación dos laños na costa e outros puntos, usando da triangulación. Por desgraza son poucos os que gardaron este importante acervo que nos permitiría ser máis precisos na elucidación da orixe destes nomes, logo deturpados na fala e polas cartas náuticas oficiais.

### 3.- De Punta Corveiro a Cabo do Home

Ao pasarmos da punta Corveiro temos as rochas Fabián e Corveiro da Masa por estar este perto da Cala da Masa (Maza?). Despois desta chegamos á Punta da Igrexiña dos Mouros, chamada así pola existencia dun castro galaico, estragado pola extracción de pedra para o porto de Vigo. A continuación vén o Con de Nerga, pedra sobresaínte fronte a praia deste nome que provén dunha Villa Nérica romana. Logo temos a Punta e Con da Muxileira, posiblemente alusiva a abundancia de muxos.

A Punta Promontorio é un saínte de terra aínda que non elevado como indica o nome e perto del están o Ballote do Medio e o Ballote do Mar, este cara o Costado de Barra e que como dixemos son rochas con forma de bolo. A Enseada e Praia da Barra reciben este nome pola gran barra de area e dunas que se formaban aquí. O cantil ao oeste chámase Costado de Barra e no mesmo ubícase O Almacén, antiga fábrica de salga en ruínas.

En 1896 esta salgadeira estaba en activo e contaba cun pequeno peirao e un pescante ao que se podía atracar para facer aguada nunha fonte con cano que había perto de alí. Logo temos o Cabo Pequeno e a Punta Fociño (Fusiño), que aluden ao seu tamaño e forma, e a seguir vén Punta Subrido, nome alusivo ao ruxir do mar con temporal. Por fronte desta, está a Rocha Omeiar? que non sabemos de onde provén aínda que pode estar relacionada con Home.

Pasamos pola Praia de Melide (acaso dun *Melitus* latino) e por fronte da rocha do Cabezo de Melide no mar, chegando a Punta Robaleira de fácil transcripción por abundancia de róbalo. Por fronte desta están as tres rochas dos Capeludos e a Laxe da Robaleira. A costa vai seguir agora en elevado cantil polo Costal da Robaleira ata chegarmos a Cabo do Home, antigo posto de vixía, tendo no mar enfrente, a rocha chamada A Redonda pola súa morfoloxía.



A toponimia costeira desde Cabo do Home a Punta Couso, a coñecida como Costa da Vela. ARQUIVO DO AUTOR

#### 4.-Entre Cabo do Home e Punta Couso

Este tramo, tamén elevado e cantileiro denomínase Costa da Soavela por ubicarse na mesma a garita principal do Facho ou Punxeiro e outros puntos de aviso de chegada de barcos inimigos como o Cabo do Home. Por fronte deste están as Pedras das Baleas e máis adiante o Cu do Lobo, unha das furnas que existen nesta zona, aludindo á súa escuridade e perigosidade.

A Área de Besadouriños é unha zona de areal que non consideramos derivada de vesadouro pois esta palabra tén relación co arado e quizáis proceda de abesourar, axexar? Logo segue a Punta Besadouriños ou Coruxo. Este último nome fai referencia á zona rochosa elevada da raíz prerromana Cor-. Por fronte están as rochas Pinelas, o Con da Fonte e O Petón.

A seguir cara o norte temos a Furna da Pomba e o Cabezo da Praia e a continuación por fronte de Punta Vixía ou Soavela están o Leixón (pedra grande) do Facho, O Cabezo e O Camouco (rocha pelada). Continuamos polo chamado Costado do Río ou do Facho onde desemboca o río do Punxeiro e orixina o nome da Punta Paredón do Río en cuxa fronte están o Pozo Negro, a Laxe da Chousa e a Illa da Chousa, aquí co significado de rede para a pesca da sardiña.

Na zona da Chan de Outeiro atópase o Con Vizoso (produtivo) e na de Punta das Osas, as Illas Osas, quizáis chamadas así polo seu tamaño ou forma, a Enseada das Cunchas e o Cabalo de Aldán, alusivo ao seu tamaño ou forma. Antes da Punta da Cruz, alusiva a un naufraxio nesta zona, está outra rocha denominada Salaíños e a seguir os Baixos da Cruz.

#### 4.-De Punta Couso a Bon: A Enseada de Aldán

A área de Couso cremos que recibe este nome por quedar do lado esquerdo cando os barcos saían desta enseada a mar aberto. Así se chaman en galego os costados dos barcos, correspondéndolle ao dereito (estribor) o de Arca. Ao norte da Punta de Couso atópanse as pedras chamadas As Cavadas e ao noreste a Pedra do Arestião (de aresta=arista?).




Mapa coa toponimia desde Punta Couso a Bon ARQUIVO DO AUTOR

Xa perto da costa de Couso temos o Baixo do Poste de Couce, os Baixos de García, o Con de Fôra, o Con de Terra, os Petóns e o Baixo da Quesera, o Dado do Con e a Pedra do Ferro, estes últimos por fronte da Praia e da Furna de Couso. En canto a este último nome, cabe que lle veña a súa designación porque nos antigos balizamentos, algúns puntos perigosos sinalábanse cun ferro chantado nas rochas. A seguir veñen as praias do Estripeiro (arbustos) e de Rabáns e máis adiante as pedras Filgueiras case por fronte da Praia e Punta da Halada que recibe este nome de cando se recollían as redes dos cercos halándoas desde terra. Por fronte da Praia da Castiñeira están, de menor a maior distancia, a rocha do Cabezo, os illotes Mixieira (igual que Muxieira) e Castiñeira, os Baixos de Arcai e Carboeiro e os Cabezos de Arcai que quizáis se refiran a un nome propio (Arcadio?).



Desde a Punta do Corveiro e fronte das praias da Meán, San Xián, Laxe e Carballal temos as pedras do Corveiro, O Consiño (de Con), as Pedras Agudelas e o Con de Manuel. Entre a Punta de Pinténs e a Punta da Testada (de testa=cabeza) están a praia de Pinténs, a Punta de Ameixide e a Praia de Arnelas e no mar por fronte destas, os baixos do Coteife (capa de veludo) hoxe de Ameixide, as rochas Boutelle, o Con da Arnela e o Con da Testada.



Mapa de 1780 coa talasonimia na Enseada de Aldán. ARQUIVO DO AUTOR

Na praia e punta de Vilaríño destaca a Pedra da Pinela e a seguir temos o Areal da Lontreira, a Punta do Con, o Porto de Aldán e por fronte da Espiñeira está o Con da Xestadela. A seguir, cara o norte, temos as puntas de Pedra Rubia, Sartaxéns, Cativa e Niño do Corvo e entre elas as praias de Areacova coa Cova da Balea, Francón e Menduiña. Entre as puntas de Niño dos Corvos, San Martiño e Morceghos atópanse as rochas da Laxa do Aire e O Poste e máis arriba xa na zona de Bon (Bueu) están a Pedra das Chivas, o Baixo da Fanequeira e a Pedra do Lago de Bon.



*\*Profesor e investigador*